



**Instagram en galego**

## Introdución.

O proxecto Instagram en galego créase coa finalidade de dinamizar a lingua entre a mocidade que usa esta plataforma como ferramenta de ocio e unha maneira de desconectar do seu día a día. Despois de moito cavilar, en agosto de 2018 sae adiante esta iniciativa, que a igual que outras doutras plataformas sociais, ten como obxectivo conseguir que todas e todos os usuarios poidamos configurar esta rede social na nosa lingua.

Non hai dúbida algunha de que non ía ser unha tarefa sinxela, de aí que até aquel momento non saíra adiante. Mais preguntámonos: **por que queremos que Instagram estea en galego?**

Instagram está de camiño de ser a rede social hexemónica sen ser superada por TikTok, co permiso de Facebook e superando xa por moito ao propio Twitter. Xa supera os mil millóns de usuarias e usuarios, e se permitimos que o galego non estea presente, estámolo arredando de ámbitos onde se move a maioría das e dos internautas, mais sobre todo, da xente máis moza. Non visibilizar estes espazos coa nosa lingua é dicirlles ás futuras xeracións que o galego non conta.

Non debemos esquecer que a mellor reivindicación é a que facemos nós mesmas publicando e comentando na nosa lingua. Cando subimos unha foto e comentamos en galego, estamos a facer a mellor das accións promovendo e facendo uso do galego.

## Obxectivos.

O principal obxectivo do proxecto é conseguir que a plataforma de Instagram estea dispoñíbel en lingua galega para todas as usuarias e usuarios. A pesar de ser unha rede social onde o que se prima son as imaxes, o certo é que hai unha morea de funcionalidades que o galego está a perder como a tradución instantánea dos subtítulos das publicacións, reels e vídeos. Está é unha das principais demandas que chegan á iniciativa por parte das seguidoras e seguidores. Poder escribir nas historias mensaxes en galego e que outras usuarias e usuarios que non teñen como lingua principal o galego, a puidesen traducir directamente á súa. Isto non pasa por exemplo con outras linguas que se encontran na mesma situación que o galego, como é o caso do catalán.

Outro dos obxectivos principais é a dinamización e promoción da lingua entre a mocidade. Isto tradúcese en facer atractivo o galego ás mozas e mozos para que emulen este comportamento e o adopten como propio. Inténtase conseguir a través de entrevistas que se fan dende a iniciativa con referentes da sociedade como as Tanxugueiras, a futbolista Vero Boquete ou o xornalista Gonzo. Tamén subindo contido innovador, que finalmente se acaba copiando por outras contas, para que o galego siga as tendencias do momento que se levan na rede.



## Acollida do proxecto en Instagram.

A pesar de que os inicios foron difíciles, moi difíciles, finalmente a iniciativa conseguiu arrincar con forza e chegar a máis xente do que se esperaba. Foi posíbel porque se traballou moito en publicar contido de calidade e interesante, intentando darlle un estilo propio co cal as seguidoras e seguidores se sentísen identificados e tivesen ganas de compartilo coas súas amizades.



instaengalego

Enviar mensaje



449 publicaciónes

31,8k seguidores

889 seguidos

Instagram en galego

Únete para que Instagram estea en galego!

•Cultura | Arte | Música | Humor

- **Público que segue ao instaengalego.**

Nestes momentos seguen ao proxecto na conta principal case unhas 32 mil persoas, maioritariamente xente que oscilan entre os 18 e 30 anos de idade sendo as mulleres as principais seguidoras do proxecto e dos contidos que se publican.

O alcance do contido que se publica a través da conta ten picos de máis de 100 mil usuarias e usuarios (incluídas as que xa seguen a iniciativa), tendo regularmente unha media de entre 1.000 e 2.000 gústames en cada publicación, polo que podemos concluír que á xente gústalle as mensaxes que se transmiten e acábanos compartindo nos seus perfís persoais.

## Resumen de insights


Has llegado a un **+26,9%** más de cuentas que en el periodo 16 ene. - 22 ene.

Cuentas alcanzadas	33,8 mil <b>+26,9%</b>	>
Cuentas que interactúan	5.428 <b>+173%</b>	>
Total de seguidores	31,8 mil <b>+0,1%</b>	>

### Avances relevantes para a iniciativa.

Configurar esta rede social en galego está cada día máis próximo de ser unha realidade. Xa se produciron actualizacións nesta liña por parte de Meta (a empresa nai da que forma parte Instagram) para ir incorporando outras linguas que neste momento non forman parte da plataforma.


A seguinte información é confidencial e aínda non se fixo pública dende a iniciativa, polo que **agradecemos que siga sendo así** ata chegado o momento. Dende hai uns meses Meta está a converterse no epicentro deste conxunto de empresas propiedade de Mark Zuckerberg. Como resultado desta centralización, as traducións ao galego que se teñen feitas ata agora, como por exemplo a de Facebook, estanse a aplicar ao resto de aplicacións como é Whatsapp, Messenger e como non, Instagram.



É unha noticia estupenda para o proxecto saber que dende a empresa se están a dar pasos que van en camiñados en aceptar máis linguas, mais de momento preferimos esperar a ver como segue evolucionando.

### Que pode facer o proxecto de Instagram en galego?

Podemos contribuír na tradución, non só de Instagram, senón de todo o conglomerado de Meta. Isto é posíbel grazas ao seu *Facebook Translator* onde calquera que teña unha conta en Facebook pode acceder e participar.



Xa hai unha comunidade de galegas e galegos traducindo a través desta ferramenta, sen saber que están contribuíndo á tradución de Instagram. A idea é conducir a máis xente para botar unha man no proceso e avanzar a cantidade de termos e frases traducidas ao galego.

A pesar de que é unha boa nova que exista esta ferramenta, é frustrante ter que traducir de forma altruísta para empresas que facturan ao ano millóns e millóns, só para garantir que o noso idioma ten presenza na rede.

### Actividade desenvoltas.

Como comentábamos nun inicio, a filosofía deste proxecto é transmitir mensaxe positivas arredor do idioma para facelo deste xeito atractivo. Intentar mudar o discurso de que o galego non o fala ninguén ou menos xente, por motivos positivos polos que comunicarse a través das redes sociais na nosa lingua.

Por esta razón sempre se intentou estar á vangarda en todas as tendencias que van saíndo e adaptando o contido a elas. Por exemplo crear contido vertical cando apareceron as historias ou de vídeos curtos cos reels.

A continuación deixámosvos unha mostra das creatividadeas que se van subindo á conta do *instaengalego* para entreter e concienciar ao mesmo tempo a toda a mocidade que nos segue:

Persoas ilustres cantando temas actuais e clásicos da nosa música:



*Preme para escoitar*


Guías explicativas sobre as Letras Galegas e o Entroido:



Campaña 'Bico a quen quero'. Vemos fundamental apoiar outros movementos de igualdade, liberdade e ser inclusivas, como neste caso.



Sempre estamos pendentes dos temas do momento, como foi recentemente o festival de Benidorm, onde se presentaron as Tanxugueiras.



Como mencionamos anteriormente, para nós é fundamental promocionar a nosa cultura con outro enfoque que atraia á xente máis moza. Por exemplo, o **entroido**.






As historias é o formato máis visto polas usuarias e usuarios de Instagram, por esta razón fixemos moito fincapé en facer historias reais coas que as nosas seguidoras e seguidores pasen un bo momento.

Por iso no noso perfil temos as mellores historias nos destacados para quen queira as poda desfrutar en calquera momento.



Neste caso contamos a orixe dos míticos nomes dos protas das Bolas Máxicas. [Aquí](#) podes ver todas as historias.



Entendemos que a normalización da lingua tamén pasa por informar sobre temas de importancia na sociedade, que non teñen que ver directamente coa lingua.



### Filtros. Innovar e facer que a lingua sexa protagonista.

Posiblemente o máis difícil da iniciativa pola parte técnica, mais non foi un imposible. Si, referímonos a ter filtros propios e característicos do noso país.



Pode ser o contido máis divertido e entretido porque participa todo o mundo. Por exemplo neste caso son cabazas que representan o **Samaín**.

Probar efecto [aquí](#).

Outros tamén seguen na mesma liña de visibilización e concienciación de enfermidades como o cancro, mais tamén temos outros aos que se prestan os seus protagonistas como é o caso de Gaioso.



Probar filtro [Movember](#)



Probar filtro [Gaioso](#)

## Maratón Día das Letras Galegas.

Durante o confinamento realizamos unha serie de entrevistas a persoas moi interesantes dunhas chea de ámbitos para amenizar o momento que estábamos a pasar, mais en concreto, o maratón do Día das Letras no que houbo entrevistas en directo cada hora até rematar o día. **Unha loucura!**



## ***Instagram en galego* celebrou as Letras cun maratón de directos arredor da nosa cultura**

luns, 18 de maio do 2020 / S. P.

A Iniciativa *Instagram en galego*, coñecida por *Insta en galego* e promovida polo activista dixital Carlos Vieito, é actualmente unha das principais fontes de actividade *online* nestes tempos de pandemia, contribuindo á cultura e ao lecer con directos diarios a través da dita rede social, tirando partido dela para promover a cultura e o uso da lingua galega. Son directos “con risas e conversas amenas con persoas que nos contan como pasan o seu confinamento”, sinala Vieito, lembrando que entre as persoas que pasan polo programa atópanse Gonzo, Sabela Ramil, Sés, Touriñán, Vero Boquete, Blondie Muser, etc.



**O maratón segue dispoñíbel na conta do Instagram en galego, así como todas as entrevistas baixo o título: Queda na casa!**

### Ataque de intolerancia.

A mediados do 2021 a conta do proxecto Instagram en galego foi suspendida en varias ocasións porque un grupo de persoas se dedicou a denunciar constantemente o contido que alí se subía.

Ante estas denuncias o algoritmo da plataforma suspendeu de inmediato a conta ata que se demostrase que non foi roubada ou que o contido que se sube non era ilegal nin ofensivo para as persoas.



Foron momentos moi duros onde se pensou en tirar a toalla ante a impotencia de que un día Instagram pechase definitivamente a conta e se perdese todo o traballo feito ata ese momento. A pesar de que foi un mal momento, o ánimo da xente fixo que se seguise adiante e aquí seguimos en activo e desexando poder confirar as nosas contas en galego.